

Control arqueolóxico do inmoble nº 8 da Rúa do Castro. O foxo do Castro de Unta

VÍCTOR TOMÁS BOTELLA*
XOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ CASAL**

Sumario

O obxecto deste artigo é dar a coñecer a detección dun pequeno treito do que coidamos resto dun foxo defensivo do Castro de Unta, no transcurso do control arqueolóxico realizado nas obras de rehabilitación do edificio sito no número 8 da rúa do Castro, no centro histórico da cidade de Betanzos.

No curso desta intervención foi posible, ademais de documentar graficamente os restos da estrutura mediante un levantamento taquimétrico por escaneado láser 3D, a recollida dun numeroso conxunto cerámico e mesmo pétreo nos sedimentos que a enchían, conxunto de materiais de natureza doméstica e de adscrición cultural da Idade do Ferro, vinculada ao xacemento castrexo.

Abstract

The purpose of this article is to make known the detection of a small stretch of what we take care of the rest of a defensive moat of the *Castro de Unta*, during the archaeological control carried out in the rehabilitation works of the building located at number 8 of the *Rúa do Castro*, in the old city of Betanzos.

In the course of this intervention it was possible, in addition to graphically documenting the remains of the structure by a tachometer survey by 3D laser scanning, the collection of a large set of pottery and even stone in the sediments that filled it, set of materials of domestic nature and cultural affiliation of the Iron Age, undeniably linked to the hillfort site.

O CASTRO DE UNTA

A existencia do Castro de Unta, asentamento da Idade do Ferro emprazado no que hoxe é o casco histórico de Betanzos, está testemuñada en numerosas fontes documentais e na posible fosilización dos seus antigos recintos habitacionais e defensas¹ na súa traza urbana, así como na suxestiva toponimia conservada no seu ruelleiro². Non obstante, as características edafolóxicas do promontorio onde se emprazou, con afloramento do substrato a mínima fondura en gran parte da súa superficie, e a forte afección sufrida no desenvolvemento urbano desde época medieval, dificultaron en gran medida a conservación de restos arqueolóxicos dese momento no seu subsolo, chegando mesmo a dubidarse da súa existencia e que o nome de *castro* respondera á unha fortaleza medieval³, en concreto á pertencente ao liñaxe dos condes de Maceda coñecida como Torre de Vilouzás ou Torre de Lanzós emprazada no alto do promontorio.⁴

As primeiras referencias a este castro atopámolas en documentos do Mosteiro de Sobrado, ao que gran parte das propiedades aquí emprazadas pertencían no século XII por doazón de D. Urraca, filla do conde Bermudo, no 1145 e a quen o rei Afonso IX foi mercando e permutando a fin de converter este territorio nunha poboación baixo xurisdición e protección real, o que aconteceu no ano 1219 cando deu a súa conformidade á solicitude dos habitantes de «Betanzos O Vello» para o seu traslado ao *Castro de Vnctia*,

* **Víctor Tomás Botella** é arqueólogo profesional autónomo, socio desde 1999 da empresa Axa Arqueoloxía, S.C. Desenvolve a súa actividade na Arqueoloxía de Xestión e fundamentalmente na Arqueoloxía Urbana nos núcleos históricos de diversas cidades e vilas galegas.

** **Xosé Ramón Martínez Casal** é licenciado en Historia pola USC, especializándose en Prehistoria e Arqueoloxía e interesándose desde os seus comezos no estudo de materiais cerámicos. Dedicase de xeito profesional á Arqueoloxía, centrándose na análise e tratamento de materiais arqueolóxicos.

concedéndolles o foro de Benavente.⁵ O pergamiño desta concesión gárdase no Archivo Histórico Nacional de Madrid (Núñez-Varela, 1985)

No momento de producirse este traslado hai constancia da existencia dunha poboación rural neste emprazamento, dado que en documento de 1213 xa se nomea unha *Vila Nova de Bitanciis*, sen que se poda concretar a súa extensión e importancia; se se trataba de simples casais ou conformaba un núcleo protourbano; posiblemente xa en momentos altomedievais existira neste lugar de Unta unha fortaleza señorial e ao redor un pequeno burgo.⁶

Como dixemos, o marco físico no que asenta o núcleo histórico de Betanzos nos remite a unha cidade medieval que se superpón parcialmente a un anterior recinto fortificado, ocupando un promontorio interfluvial de gran valor estratéxico, que no século XIII era nomeado como *castrum*; outra cousa é poder concretar a extensión e delimitación deste enclave da Idade do Ferro e distinguilo da posterior cidade medieval e as súas sucesivas ampliacións.

A detección dun foxo escavado na rocha do enclave castrexo baixo o inmoible nº 8 da rúa do Castro nos permite confirmar o xa afirmado documentalmente: a existencia dun recinto dese momento delimitado por defensas na actual Praza da Constitución, recinto que neste arco oeste semella adaptarse á orientación da actual rúa dos Lanzós, aínda que esta estrutura defensiva, pola traza que semella seguir, hipoteticamente pasaría diante das fachadas traseiras dos inmobles nº 2 e 4-6 desta rúa do Castro, así como rodearía á igrexa de Santiago polo seu lateral sur e portada oeste. Outra traza de foxo en arco semellante, non detectado aínda, podería darlle continuidade polo leste daquela praza, e en ambos lados se vería, de seguro, acompañado pola presenza dunha o máis murallas. Podería tratarse dun castro cun recinto único de planta oval, que gañaría aproximadamente 0,5 Ha de superficie, tipo de castro en tipoloxía e superficie frecuente en Galicia e, en concreto, neste sector noroccidental⁷.

A existencia de máis recintos exteriores é difícil de confirmar, dada a falta de restos materiais; o óvalo formado polas Rúa Nova - Torre e rúa Travesa, pola que debeu descender a primeira cerca medieval do século XIII, podería sinalar os límites dun antecastro concéntrico, aínda que os deste tipo son escasos nestes poboados, preferindo os achegados por xustaposición. Este recinto máis exterior chegaría a ocupar, incluíndo o interior, as 2 Ha. Sería un asentamento de regular tamaño adaptado a súa posición topográfica, que ocuparía na súa expansión as ladeiras altas sobre os ríos Mendo e Mandeo, de topografía máis amigable e mellor defensa.

Podería mesmo pensarse, atendendo á planta do actual casco histórico, na existencia dun terceiro recinto ao noroeste, que viría delimitado pola Rúa Nova, ocupando o espazo entre esta e a rúa da Torre, aínda que debe tratarse, case con total seguridade, dunha ampliación da cidade medieval, como semellan indicar os nome das rúas⁸. Esta ampliación verase con claridade na construción do segundo recinto amurallado nos séculos XIV - XV, que ao pouco tempo perdería o seu carácter netamente defensivo, pois, xa no ano de 1589 o enxeñeiro militar Tiburcio Spanochi visita a vila e apunta que «...*al presente está cercada de muralla al modo antiguo y muchas casas arrimadas a ella por dentro y fuera...*»⁹ como é aínda visible hoxe en día, non observándose cambios substanciais en descrições posteriores da vila dos séculos XVII ou XVIII.

É, pois, moi difícil tentar precisar, cos datos cos que contamos, a configuración e extensión do Castro de Unta, non podendo afirmar que a planta actual do casco histórico




Lámina de situación.

reflicta a configuración do poboado castrexo, como si o fai da cidade medieval. Jerónimo del Hoyo describea no século XVII: «*Está pues fundada la dicha villa en el castro de Uncta, con tanta aspereçadas calles que me parece que si de propósitos buscan para fundarles mayores parece en el contorno no se hallara, porque toda la ciudad es cuesta arriba y sus calles iniestan hasta la loma del castro y como las casas son casi todas de madera y van subiendo a proporción de sus plantas parece acuren la mirada desde lexos una piña descarpada*». (Del Hoyo, 2016)

Coidamos que a fisionomía máis probable para o enclave castrexo, polo que ata o de agora coñecemos, sería a dun único recinto na parte máis sobresaínte do promontorio, cunha ou máis liñas defensivas¹⁰. Ignoramos a localización das súas entradas, aínda que a actual desde o Campo pola rúa do Castro, onde se abriu a chamada Porta da Vila na muralla medieval, semella ser a ou unha das orixinais, o que podería confirmar o feito de que antes da fundación da nova vila existía xa este acceso desde o camiño nomeado como *Vallis antiquam*¹¹ (actual rúa da Fonte de Unta), que partindo da Ponte Vella accedía ao cume do promontorio.

A eliminación do foxo por ateigamento da gabia aberta temos que supoñer se produce tras do seu abandono, no proceso de acomodación da ladeira para a súa urbanización, posiblemente en época medieval, aínda que tamén cabería a posibilidade de que fora amortizado nun momento de expansión do propio asentamento castrexo que ampliara a superficie desprazando as defensas máis ao exterior, solución transformadora pouco testemuñada en enclaves deste momento. O material doméstico recollido na terra que enchía a gabia do foxo apunta a súa utilización como vertedoiro e, polo mesmo, a un proceso de abandono progresivo con permanencia residual de habitantes tras a perda do seu carácter de recinto fortificado, que deveu co tempo nun conxunto de herdades de carácter rural.¹²

O material arqueolóxico recollido durante o baleirado do foxo permítenos propoñer para este enclave, ou polo menos para un período da súa ocupación, unha cronoloxía centrada na Fase II da cultura castrexa, entre os séculos IV e II a.C., pouco ou nada influída aínda pola presenza romana.¹³ Poderíamos pensar no abandono do recinto neste momento de inicio dos contactos culturais, que si semellan reflectirse noutros xacementos próximos, especialmente no de Tiobre («Betanzos Vello»), conforme aos datos aportados pola documentación histórica¹⁴.

ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA

Esta actuación arqueolóxica foi realizada en relación co *Proyecto básico y de ejecución de rehabilitación de edificio de S+B+3+BC) como Hotel 1ª*, asinado e dirixido por D. Ignacio Pedrosa Pérez, e promovido por D. José Lareo Santiso, sendo autorizada por resolución de 18 de novembro de 2013 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural co código ED 102A 2013/428-0. Foi comunicado o seu inicio para o 26 de xaneiro de 2015.

A parcela obxecto de rehabilitación, sita no nº 8 da rúa do Castro, constaba de dúas edificacións illadas por medianeira interior, sendo de menor superficie o edificio que ocupaba a subparcela norte. A resultante desta unión conforma un polígono irregular co seu eixo lonxitudinal orientado cara ao nordés, cunha fachada principal de 13 metros, de meirande lonxitude que a traseira, e unha medianeira oeste parcialmente perpendicular ao aliñamento da rúa, pero que presenta un ancheamento no seu treito final e un cambio de dirección cara ao exterior. Dada a pendente da rúa do Castro, o sector norte da parcela tiña unha cota de rasante que coincide co N0 de obra (no limiar de entrada), mentres que o sector leste estaba a unha cota máis baixa respecto daquel (entre 0,20 e 0,30 metros).

O proxecto de rehabilitación tiña como obxectivo o seu acondicionamento para uso hostaleiro, ampliando a súa superficie coa creación dunha planta soto. En cumprimento da normativa urbanística municipal, os movementos de terra se realizaron baixo control arqueolóxico, centrado na supervisión da escavación por medios mecánicos do volume do soto previsto no proxecto de obra.

O plan de traballo a seguir contemplaba catro fases:

1º Catas de valoración do terreo coma sondaxes xeotécnicas, en número de 5 con diversas dimensións, acadándose fonduras en función da natureza do terreo entre os 0,90 e os 2,90 metros.

2º Apertura de *bataches* para implantación da cimentación e muro perimetral da planta soto, ata un número de 13. A previsión de acadar unha fondura de 4,20 metros tívose que modificar na meirande parte dos *bataches* abertos dada a desestabilización da estrutura aérea con derruba parcial da fábrica da medianeira norte, limitándose a fondura aos 2 metros, o que permitiu asegurar prioritariamente a estabilidade do terreo e da estrutura envolvente.

3º Baleirado ata cota de 4,20 metros do sector central da parcela delimitada polos *bataches* abertos.

4º Escavación para execución de dúas zapatas para apoio dos piares centrais da estrutura e baleirado dun foxo de ascensor, baixo a cota da planta soto.

Obviamente, este procedemento sufriu importantes modificacións unha vez recoñecidos restos de interese arqueolóxico, o que obrigou á paralización temporal das obras e á evacuación dun informe de incidencias perante a Dirección Xeral de Patrimonio

Cultural o 6 de marzo de 2015, onde se indicaba que: «...no curso de realización do muro perimetral de contención para baleirado da planta soto prevista en proxecto, concretamente durante a escavación dun batache emprazado no ángulo existente entre a fachada á rúa do Castro e a medianeira co nº 10 desta rúa, foron recollidos restos cerámicos adscribíbles a una etapa cultural castrexa ou galaico-romana, que semellan situarse nun depósito homoxéneo a +/- 1 metros de fondura respecto da rasante da PB conservada».

Con data de 18 de marzo, a directora xeral de Patrimonio Cultural emite resolución, na que se prescribe a necesaria continuación do traballo de execución dos muros perimetrais por motivos de seguridade en función dos informes emitidos neste senso pola dirección facultativa de obra e os servizos técnicos municipais. Estes traballos, que continuarían baixo control arqueolóxico, si se viron limitados no seu alcance e incidencia sobre o solar, cun menor volume de terra baleirado, a fin de permitir, tras da súa execución, un proceso de obra con aplicación de metodoloxía arqueolóxica.

Proseguidos os traballos de control, baixo as condicións prescritas polos órganos técnicos da administración, foi posible contextualizar os restos arqueolóxicos cerámicos ao recoñecerse en diversas unidades de obra a estrutura dun foxo aberto no substrato, o que foi valorado coa súa mellor descrición nun novo informe emitido perante da administración no mes de maio de 2015. Neste documento incluíase pola promoción e redactada pola dirección de obra, unha proposta de modificación do proxecto construtivo cara á protección dos restos arqueolóxicos conservados¹⁵, na que se sometían á consideración as seguintes actuacións:

1º Levantamento taquimétrico xeorreferenciado do foxo mediante escaneado 3D, que permitise un preciso traballo de documentación e interpretación en base a unha densa nube de puntos.

2º Conservación da traza do foxo, mediante a modificación de elementos estruturais e arquitectónicos para poder preservar o alzado final en fondura desta estrutura, dada a necesidade, para rematar as obras, da procura de firme para asentamento das zapatas e muros. A posición dos elementos estruturais, en concreto das dúas zapatas centrais, interrompían a traza do foso, polo que se propón a modificación destes elementos para poder conservar a sección devandita.

3º Apertura no soto dunha ventá arqueolóxica con vidro que permita, no futuro espazo de salón común do establecemento hostaleiro, a observación dos restos da estrutura, ventá que para o seu mantemento contará coa iluminación e ventilación necesarias.

4º Exposición permanente, en formato póster/cadro, de información gráfica e datos arqueolóxicos de interese para a súa divulgación.

En base a estas propostas, a directora xeral de Patrimonio Cultural, atendendo novamente ao informado pola arqueóloga municipal, resolve por resolución de 5 de xuño estimar a súa proposta e autorizar a continuación das obras con aplicación do contido nas medidas correctoras do informe/proposta da dirección de obra e estimadas polo arqueólogo director; estas medidas deberían executarse baixo control arqueolóxico, evitando calquera afección no curso dos traballos aos restos a conservar. Por outra banda, había de concretarse, antes da súa execución, o detalle construtivo da ventá arqueolóxica e a sinalética coa información arqueolóxica.

No seu cumprimento, o levantamento taquimétrico foi realizado por Antonio Pedregal Rodríguez, da O.T. VIPEGAL, continuándose coas obras baixo control arqueolóxico, previo



Vista do recheo do foxo.

Vista do foxo.

tapado e protección con lámina plástica e áridos da porción do foxo a conservar, tapado realizado o día 12 de xuño dese mesmo ano.

O proceso de obra prolongou a actuación arqueolóxica ata o mes de decembro do ano 2019, na que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emite a derradeira resolución neste expediente.


Foi remitida Memoria Técnica perante da administración autonómica a fin de dar por cerrado o expediente arqueolóxico, con data 13 de novembro de 2020.

DESCRIPCIÓN DOS RESTOS ARQUEOLÓXICOS


1. O FOXO

O foxo documentado no subsolo da parcela nº 8 da rúa do Castro podémolo describir como unha gran gabia aberta no substrato rochoso, de sección en «V» con fondo cóncavo, caracterizándose, pois, como unha estrutura arqueolóxica negativa. É dun tipo común nos aparatos defensivos dos xacementos castrexos, descoñecendo neste caso que outros elementos o poderían completar (murallas, terrapléns, outros foxos...). Foi documentado atravesando case en diagonal a parcela en orientación O - L nunha lonxitude de 15,50 metros, cunha largura irregular entre os 7,15 e os 4,60 m (dependente do seu estado de conservación) e unha fondura de ata 3,96 metros, no observado. Estas medidas serían maiores no momento da súa vida, dado que a urbanización deste espazo fixo desaparecer unha parte do seu alzado na procura da regularización e nivelación do terreo. Ten continuidade baixo á rúa do Castro e baixo a medianeira oeste, introducíndose cara ao patio traseiro.

Aínda que atravesa toda a parcela, non foi posible documentalalo na súa integridade, posto que o método inicial de traballo (catas xeotécnicas e *bataches*), pola súa limitada afección e distribución na parcela, non permitiu unha inmediata identificación do elemento, e porque a prioridade de asegurar a estabilidade do terreo e da estrutura arquitectónica existente, en consenso cos servizos municipais e autonómicos de arqueoloxía, aconsellou á execución sen demora dun muro perimetral de contención, o que afectou puntualmente á conservación do foxo na súa cabeceira, destrución que, en todo caso, foi debidamente



Escarpa do foxo.



Estatigrafía do foxo.

documentada no transcurso do control arqueolóxico. Finalmente, puido ser escaneado un treito de 7,25 metros da estrutura, dada a necesidade de preservar unha franxa de seguridade cara á cimentación da fachada principal.


Os restos arqueolóxicos foron detectados baixo os depósitos relacionados coas construcións preexistentes, que se limitaron ás soleiras de formigón e aos recheos heteroxéneos de obra baixo delas, que cubrían un depósito de terra vexetal moi escura, propia de terra de labor, que podemos interpretar como correspondente a espazos de hortas ou xardíns; este depósito rexístrase cunha meirande potencia baixo do actual patio ou terraza traseira, que presenta unha maior altura que o interior dos inmobles, polo que a terra orgánica se conserva aquí en menor medida. Dentro deste nivel contemporáneo temos que salientar a conservación, aínda que en mal estado, dunha canle pétreo de saneamento no sector oeste, que recollía as augas das baixantes da medianeira sur e as evacuaba cara á rede municipal que discorre pola rúa do Castro.

En xeral, pola orientación do foxo, os muros medianeiros laterais norte e sur ven coincidir co substrato no que se abre, o que provoca que as súas cimentacións sexan de pouca entidade dada a mínima fondura na que aquel se rexistra; non obstante, a medianeira central que separa os dous edificios presentes na parcela está implantada parcialmente sobre o recheo do foxo, apoiando na súa escarpa en procura de firme e rebaxándoa no necesario, creando un chanzo na súa vertente para un mellor asentamento. Formando parte desta cimentación foi observado un dos fragmentos dos muíños de man recollidos.

Este foxo, baixo dos depósitos xa nomeados e relacionados co edificio actual, presenta no seu interior un esquema estratigráfico igualmente sinxelo, que podemos resumir en:

- Un depósito de arxila de cor marelada clara, xabre propio do terreo, que sela e illa os recheos inferiores. Este depósito detéctase sobre todo no sector sur da parcela e debe ser produto do rebaxamento parcial do substrato no seu perímetro para a implantación das medianeiras e instalacións.

- Sedimentos de terra gris e gris parda grosa, disgregados, con gravas, de orixe arxilosa, que contén os restos de cerámica e pétreos relacionados co xacemento castrexo. Estes depósitos, que seguen o buzamento da escarpa do foxo, se intercalan entre si e con coladas de arxila marelada intermedias; a homoxeneidade do material arqueolóxico recollido



Xerra e cuncas

en todas elas non permite facer unha distinción cronolóxica entre os distintos depósitos, polo que hai que sospeitar unha certa sincronicidade.

- Un novo depósito de arxila marela que cobre o fondo do foxo, e que debe de se tratar dun primeiro ateigamento por erosión das súas paredes.

Esta estratigrafía, non obstante, puidera reflectir á composición dunha muralla térrea aquí derrubada, conforme ao descrito para a escavada no Castro de Meirás por D. José María Luengo (1950: 23): «...consistía en tres capas de terras distintas, colocadas verticalmente - para lo que se debió colocar un tapial - de las cuales la externa era blanquecina, rojiza la del centro y amarilla la interior, que descansaba ya sobre el crestón de roca, en cuyo punto comenzaba a aflorar».

O substrato de rocha de xisto no que se abriu a estrutura do foxo presentaba bandas ou vetas de diferente dureza, sendo en moitos casos material dunha gran debilidade, que provoca un acabado irregular e sofre desprendementos frecuentes ao ser moi sensible á erosión. Aínda así, a súa conservación xeral pode cualificarse de boa.

2. MATERIAL ARQUEOLÓXICO

Nos depósitos de recheo do foxo recolleuse un pequeno conxunto de materiais que permitiu a adscrición cronolóxica da estrutura negativa interpretada como foxo defensivo, conxunto composto por material cerámico de uso doméstico, ademais de dous fragmentos de muíño de man en pedra e un posíbel alisador lítico. Foron descritos nun inventario que os identifica mediante unha sigla que recolle a súa orixe (C[astro]8), ano de autorización / código da actuación arqueolóxica (2013/428) e un número correlativo (00n), entregándose en depósito no Museo das Mariñas de Betanzos.

O número de pezas sigladas ascendeu a 345, das que 342 son relativas a material cerámico e unicamente 3 a material lítico.

2.1. CERÁMICA

No transcurso dos traballos de escavación foron recuperados nos sedimentos que colmaban o foxo un enxoval cerámico de máis de 342 fragmentos inventariados, que é posible contextualizar como depósitos da fase de abandono do enclave castrexo; unicamente cabe salientar que 6 fragmentos foron recollidos fóra dos recheos interiores, sobre o substrato, cubertos polo nivel contemporáneo. Aínda que polas características da intervención realizada non fora posible unha contextualización estratigráfica precisa dos materiais recuperados, polo que se puido constatar durante o desenvolvemento dos

traballos o conxunto cerámico presenta unha grande homoxeneidade, sen que a priori se constaten diferenzas entre as cerámicas pertencentes aos depósitos superiores respecto das recuperadas en depósitos inferiores, quizá feito motivado pola propia natureza dos recheos que colmaron o foxo, que puideron ser vertidos nun mesmo momento, quizá no proceso do traslado da poboación de Betanzos O Vello a este punto no seu proceso de urbanización.

A cerámica semella responder a patróns tipolóxicos castrexos, sen apreciar a presenza de elementos que poidamos identificar como romanos ou galaico-romanos, cadrando na Fase II da Cultura Castrexa e constituíndose como unha clara panoplia da cerámica do norte de Galicia.

Neste senso, Betanzos incluíríase para esta fase na área oleira do Cantábrico, ampla rexión costeira que comprende desde Fisterra a Asturias, pero cerca da divisoria coa área Interior-occidental, segundo a distribución de González Ruibal (2006-2007).¹⁶

As vasillas están maioritariamente feitas a man por superposición de rolos e, nalgún caso, a torno lento. As pastas son pouco compactas e fráxiles, de amasado deficiente, con compoñentes graníticos de seixo e mica e coccións irregulares entre os 600° e 900°, realizadas tanto en atmosferas redutoras como oxidantes, sendo as súas cores tanto escuras (grises e negras) como claras (pardas, ocre, acastañadas...), ás veces con transición na mesma peza. As superficies, en xeral, son ásperas, notándose as áreas do desgraxante no exterior; cando presenta acabado, estes son meros alisados nas panzas e bordos, un lixeiro espatulado na superficie externa ou, mesmo, un peiteado, que son técnicas, se ben de acabado, cunha certa finalidade decorativa pola súa distribución e secuencia na peza.


As decoracións son escasas, sendo unha das máis frecuentes a baseada no uso da técnica do brunido (puído selectivo cun material duro) tras da cocción, que consegue liñas ou superficies brillantes sobre un fondo mate, con motivos de liñas verticais, horizontais ou en retícula, xeralmente centradas na zona do ombreiro.

É de salientar a total ausencia de decoración plástica no conxunto observado, si presente en castros ao oeste desta rexión cantábrica como o de Borneiro en Cabana de Bergantiños, ou de decoración impresa, menos frecuente nesta área, pero con algúns exemplos en xacementos próximos, caso do de Elviña en A Coruña ou Meirás en Sada.

No que se refire ás formas, estas tamén son monótonas, cunha pequena variedade de morfoloxías, centradas basicamente en dous grandes grupos: abertas e pechadas. Entre as primeiras salientan as cuncas e fontes e entre as segundas, as olas.

2.1.1 Formas pechadas

Cuantitativamente aparecen máis representadas as formas pechadas, sendo a ola a máis numerosa. Son vasillas de base plana, corpo globular¹⁷ e bordo esvasado, sinxelos ou arestados, con diverso tipos de beizos, gañando perfís en «S». Preséntanse en distintos



Tipo arestados.



Tipo Forca.

tamaños, respondendo aos tipos de ola ou pote, para cociña, ou de cántaro ou orza para almacenaxe.

Podemos distinguir neste conxunto diversos tipos:

Arestado marítimo. Son recipientes de forma globular, de bordos esvasados con base plana e beizos redondeados, planos e engrosados en ocasións. Son característicos da Fase II, pero pervivirán ata o s. I d.C. Presentan diámetros e dimensións moi diferentes, aínda que destacan as pezas de tamaño medio e grande, con rematados superficiais parcos, se ben na zona do bordo aparecen máis coidados que no resto do recipiente. Aínda que poden presentar restos de feluxe, hai unha grande cantidade de fragmentos deste tipo que non presentan evidencias de exposición ao lume, polo que o seu uso podería ser polivalente.

Tipo *Cameixa.* É a segunda forma máis representada dentro das formas pechadas. Presentan un colo de perfil anguloso e bordo recto oblicuo ou lixeiramente curvo, máis ou menos prolongado e xeralmente de pequeno espesor, con beizos redondeados, planos ou labiados. Segundo o seu desenvolvemento en tamaño, os exemplares meirandes poderían considerarse como tinallas e gardan semellanzas cos recipientes de almacenaxe tipo *dolia*. Frecuentemente aparecen coas superficies interiores dos bordos sucintamente afinadas, namentres que as exteriores soen presentar restos de feluxe, o que indica claramente o seu uso no servizo de cociña, sobre todo os exemplares de tamaño pequeno e medio, namentres que os exemplares de gran tamaño poderían destinarse ao servizo de almacenaxe, considerándose como tinallas. Esta cerámica está presente nos materiais atribuídos aos niveis antigos (I-II) do castro de Cameixa (Boborás) nas escavacións realizadas nos anos 1946-1948 (López Cuevillas, Lorenzo Fernández, 1986), de onde toma o nome, pero tamén en numerosos castros galegos de distinta localización xeográfica. Este xacemento estaría habitado entre os séculos IV a.C. e I d.C.



Bordo arestado.

Tipo *Forca*. Os elementos formais característicos deste tipo de vasilla baséanse en perfís flexionados, con bordos esvasados e curvos, beizos indiferenciados (poden ser redondeados, labiados, planos ou engrosados) e colos de perfil amplo. Aparecen frecuentemente co restos de feluxe, o que indica claramente o seu uso no servizo de cociña, non aparecendo, como dixemos, coa rica decoración impresa propia daquel xacemento, que está datado entre o séculos IV e II a.C. (Carballo Arceo, 1987).

De bordo esvasado. Defínese como un recipiente de forma globular, colo de perfil sinuoso e un bordo breve e esvasado, lixeiramente curvo. Presenta semellanzas co bordo tipo *Forca* pero máis breve. O exemplar presenta evidencias de exposición ao lume, sinal do seu uso no servizo de cociña. Debido á súa escasa representatividade, quizá se trate dunha variante intermedia entre os bordos tipo *Cameixa* e *Forca*.

Tipo *dolia*. Trátanse de grandes vasillas de fondo plano, de forma piriforme, sen colo e con bordo esvasado oblicuo, xeralmente recto e con dorso plano superior, lixeiramente labiado, cunha marcada aresta interna na unión do ombreiro e o bordo. Dentro do seu repertorio formal, os bordos seméllanse moito aos das olas/tinallas tipos *Cameixa* e *Arestado*, aínda que de maiores dimensións e máis grosos, polo que en ocasións incluíronse nas anteriores variantes.



Tipo Cameixa.



Castañeira.



1 cm



Castañeira ou queixeira/coador. Documentáronse dous fragmentos de base que contan con perforacións na zona inferior. Nun caso soamente se documenta unha perforación seccionada na base, namentres que no outro caso é unha base que presenta varias perforacións, tamén seccionadas, cun diámetro que nos fai supoñer que esteamos ante un recipiente con función de castañeira, xa que os que ten función de queixeira ou coador adoitan presentar perforacións de menor diámetro. Son frecuentes nos xacementos desta adscrición cultural.

2.1.2 Formas abertas

Polo xeral os recipientes de forma aberta son minoritarios dentro do conxunto da cerámica castrexa, se ben no caso que nos ocupa recolleuse un importante conxunto pertencente a este tipo de vasilla, aínda que en moitas ocasións sexa difícil determinar se un fragmento de corpo pertence a unha forma aberta ou pechada ao non presentar elementos morfolóxicos. Non se debe desbotar a utilización na cociña destas vasillas, aínda que pola súa forma poidan relacionarse máis directamente co servizo de mesa.

Podemos distinguir, como no caso anterior, algunhas variantes:

Cunco esférico de bordo invasado engrosado. É o tipo máis presente, contando cun bo diámetro e, probablemente, cunha base plana. O bordo está indeferenciado da corpo, supoñendo un remate da mesma, máis ou menos engrosado, e tendo unha forma irregular, que non permite definir con exactitude os seus diámetros. As superficies son bastas, sen acabado, con peiteados superficiais en algúns fragmentos, aflorando as partículas desgraxantes e con evidencias de exposición ao lume. As pastas son oxidantes, con coccións non homoxéneas.

Cunco esférico con bordo engrosado reentrante, que presenta o dorso superior plano. Ten cocción redutora, aínda que unha pasta máis basta e groseira. O beizo diferénciase por unha liña incisa espatulada.

Un tipo semellante ao anterior en canto a súa morfoloxía, perfil esférico con **bordo invasado, engrosado redondeado e un moldeado máis regular,** presentando, como o anterior,

unha cocción redutora. Ten decoración a base dunha liña incisa que separaría o beizo do corpo e un acabado a base de brunido de liñas verticais.

2.1.3. Outras formas

Finalmente, recuperáronse fragmentos dun recipiente de grandes dimensións, tipo xerra, que presenta un bordo lixeiramente flexionado, case recto, e invasado, cun lixeiro engrosamento. Esta vasilla semella ter un perfil piramidal truncado ou carenado. Presenta decoración a base de liñas horizontais brunidas no terzo superior da peza.

2.2. MATERIAL PÉTREO

Como dixemos, o material pétreo foi moito menos numeroso, limitándose á recollida de tres fragmentos de utensilios, concretamente dous de muíños circulares e un posible alisador.

2.2.1. Muíños de man circulares

Cumpre salientar que están fabricados cun material (pedra de gran) que non se corresponde co substrato existente no promontorio, de tipo xistoso, aínda que podería indicarse que as pastas cerámicas tamén contan con compoñentes graníticos (areas de seixo e mica).

Os fragmentos recuperados pertencen a *catillus* ou moas, capas superiores que apoiarían sobre a *meta* ou pe do muíño, cadrando no tipo A de González Pérez (1984: 258)¹⁸. Se ben presentan un rebordo ou aro perimetral superior e sección cóncava, poden diferir en canto ao seu funcionamento, aínda que en ambos os dous casos polo seu tamaño, que ronda os 30 cm (27 e 31 cm) de diámetro, hailles que supoñer un ámbito doméstico e uso feminino para moenda de cereais.

Un deles presenta un encaixe lateral para mango do pau ou ferro, descoñecendo se é único ou puidese ter un segundo enfrontado e, polo tanto, se tiña movemento xiratorio completo ou semirrotatorio, aínda que polo seu reducido tamaño hai que supoñer o primeiro caso. O outro fragmento non presenta este encaixe lateral nin superior, posiblemente por non coincidir coa superficie conservada.

Estes muíños circulares están introducidos na cultura castrexa desde, polo menos, o século IV a.C., non dependendo do fenómeno da romanización no noso ámbito, se non, probablemente, ao influxo do comercio púnico¹⁹.

2.2.2. Alisador

Foi recollido un canto rolado de río, tamén de pedra de gran, que puidese ter sido usado como alisador ou puidor ,ou ben, mesmo, como peso. Foi recollido xunto con cerámica castrexa na zona exterior ao foxo, nunha das sondaxes previas, sendo un útil moi frecuente nos xacementos castrexos.

CONSIDERACIÓNS

A actuación arqueolóxica desenvolvida no proceso de rehabilitación do inmovible nº 8 da rúa do Castro permitiu obter evidencias materiais do Castro de Unta, enclave xa coñecido documentalmente desde o século XIII. Non obstante, o limitado da superficie sobre a que se actuou non permite máis que un mínimo achegamento á realidade deste xacemento, á

agarda de que novas intervencións no seu entorno poidan ir matizando e ampliando os coñecementos agora adquiridos.

En base ao observado, coidamos que o Castro de Unta, como a propia configuración orográfica semella indicar, ocupou o alto do promontorio rodeado polos ríos Mendo e Mandeo, emprazamento que posteriormente aproveitou, probablemente, unha ocupación altomedieval²⁰, onde se situaría unha fortaleza²¹ e un pequeno burgo rural na procura dun entorno de doada defensa e control sobre o territorio circundante e que, a partir do século XIII, a estas cualidades sumou as boas condicións comerciais que lle supuña o porto de fondo de ría que tiña ao seu pé e a súa situación no camiño a Castela, factores determinantes para a súa repoboación.



Muíño circular.

O fragmento de foxo documentado nesta intervención, aberto na parte alta da ladeira, semella defender, pola súa parte máis feble, un recinto ben delimitado pola topografía, e, posiblemente, o seu acceso desde o sur, se non o único, si o principal, dada a barreira natural que supuña a presenza de cursos de auga que o rodean nas restantes orientacións.

Pouco máis pode deducirse da configuración do castro a partir do treito de estrutura exhumada, que por outra banda a mesma poboación medieval semella definir na súa fisionomía, facéndose á forma compacta e pechada que puidese ter tido aquel; quizá, mesmo, a fortaleza que ocupou este espazo, puido aproveitar algo do seu aparato defensivo.

Máis significativo resultou o material arqueolóxico recollido nesta actuación, dado que nos permite avanzar un período cronolóxico de vida para este poboado. Como dixemos no apartado correspondente, os materiais arqueolóxicos inventariados nos remiten no seu conxunto á Fase II da cultura castrexa, entre os séculos IV e II a.C. Estaríamos, pois, en principio, ante un poboado cunha curta ocupación, abandonándose con antelación ou a consecuencia da influencia romana, que procurará unha concentración da poboación en asentamentos de meirande tamaño; neste caso, quizá houbera un movemento cara a Tiobre, onde deben existir restos romanos dunha certa importancia, aínda por exhumar.

Non obstante, non débese desbotar a posibilidade de que noutros sectores do casco histórico de Betanzos poidan aparecer restos no futuro que alonguen a vida deste xacemento e que o visto neste caso supoña unicamente a testemuña dun momento concreto da súa ocupación, quizá abandonado cando correspondeu cara terras máis baixas.

BIBLIOGRAFÍA

- DEL HOYO, J. (2016): *Memorias del Arzobispado de Santiago*. Biblioteca Facsimilar Compostelana. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC. Santiago de Compostela
- ERIAS MARTÍNEZ, A. (1985): *As rúas de Betanzos. Introducción ao seu coñecemento*. Anuario Brigantino nº 8. Betanzos.
- (1995): *Evolución dos nomes das rúas nunha cidade antiga de Galicia: Betanzos*. Anuario Brigantino nº 18. Betanzos.
- CARBALLO ARCEO, L.X. (1987): *Castro da Forca. Campaña 1984*. Arqueoloxía/Memorias nº 8. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- CARBALLO ARCEO, X.; CONCHEIRO COELLO, A.; REY CASTIÑEIRAS, J. (2003): *A introducción dos muíños circulares nos castros galegos*. Brigantium Vol. 14. A Coruña.
- GONZÁLEZ PÉREZ, C. (1984): *Os muíños de man*. Pontevedra Arqueológica. I. Grupo de Arqueología «Alfredo García Alén». La Guardia.
- GONZÁLEZ RUIBAL, A. (2006-2007): *Galaicos. Poder y comunidad en el Noroeste de la Península Ibérica (1200 a.C. - 50 d.C.)*. Tomo II. Brigantium, vol. 19. A Coruña.
- LÓPEZ CARREIRA, A. (1999): *A cidade medieval galega*. Historia de Galicia. Monografías. Ed. A Nosa Terra. Vigo.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F.; LORENZO FERNÁNDEZ, X. (1986): *Castro de Cameixa. Campañas 1944-46*. Arqueoloxía/Memorias. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela
- LOSCERTALES G. DE VALDEAVELLANO, P. (1976): *Tumbos del Monasterio de Sobrado*. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Madrid.
- LUENGO Y MARTÍNEZ, J.M. (1950): *Excavaciones arqueológicas en el castro y su necrópolis, de Meirás (La Coruña)*. Ministerio de Educación Nacional. Madrid
- MARTÍNEZ SANTISO, M. (1987): *Historia de la ciudad de Betanzos*. Excma. Diputación Provincial de La Coruña. Facsimil de la edición de 1892. A Coruña.
- NAVEIRO LÓPEZ, J. (1994): *El golfo Ártabro. Arqueología e Historia del gran puerto de los Galaicos Lucenses*. Asoc. Amigos Museu Arqueolóxico A Coruña. A Coruña
- NÚÑEZ-VARELA Y LENDOIRO, J.R. (1987): *La segunda fundación de Betanzos*. www.cronistadebetanzos.com
- NÚÑEZ-VARELA Y LENDOIRO, J. R. y RIBADULLA PORTA, J. E. (1984): *Historia documentada de Betanzos de los Caballeros*. Tomo I, Betanzos.
- REY CASTIÑEIRAS, J. (1990-1991): *Cerámica indígena de los castros costeros de la Galicia Occidental*. Rev. Castrelos nº 3-4. Vigo
- (1991): *Yacimientos castreños de la vertiente atlántica. Análisis de la cerámica indígena*. Universidade de Santiago de Compostela.
- TABOADA ROCA, A. (1957): *Dos notas sobre los Lanzós. La Torre de Villouzás y un vínculo humanista*. Boletín de la Real Academia Gallega nº 321-326. A Coruña.
- VALDÉS BLANCO-RAJOY, R. (2008): *Las fortalezas medievales que jalonaban la ruta jacobea entre Santiago y Betanzos*. Caminería Hispánica. Actas del VIII Congreso Internacional. Ed. Manuel Criado de Val. Madrid.
- URGORRI CASADO, F. (1982): *Los nombres antiguos de Betanzos y los orígenes de la ciudad*. Anuario Brigantino, nº 5. Betanzos
- VALES VILLAMARÍN, F. (1975): *Las antiguas rutas jacobeanas del territorio brigantino. 4º Itinerario*. Excmo. Ayuntamiento de Betanzos. A Coruña

NOTAS

¹ «En Betanzos, a existencia deste castro coas súas murallas máis ou menos concéntricas e os seus antecastros, terrapléns, etc., foi determinante na configuración das rúas desde o asentamento de comezos do s. XIII. Aínda hoxe, ó traveso do plano ou da fotografía aérea, se pode ver bastante ben onde estaban estas murallas primitivas, estes antecastros, etc. (Erias, 1985: 44)

² «A necesidade de dar nome ás rúas, prazas, venelas, etc. foi respostada de distintas maneiras. As veces recollendo e perpetuando topónimos antigos, desde o nome do castro que aínda hoxe queda na fonte que está a pe del (a *Fonte d'Unta*) ata a **Plaza do Castro** na croa, a **Rúa do Castro** que sube á cima, ou a **Rúa Travesa** que segue un vello camiño castrexo enriba do segundo antecastro oriental. (Erias, 1995: 30)

³ «Al hablar del Castro de Untia, algunos investigadores coinciden en señalar que se trataba de un antiguo poblado castreño, sobre el que se edificaría *ex novo* la nueva villa. Sin embargo, considerando la información contenida en los documentos arriba citados cabe suponer también que el Castro fuese la fortaleza que se alzaba sobre la antigua *Untia*.» (Valdés, 2008).

⁴ «... En el sitio del antiguo Castro de Unta se elevaba este soberbio edificio, en lo más alto del pueblo, y pertenecía á los condes de Maceda, que se habían unido sus ascendientes con la casa de *Villosás*.» (Martínez Santiso, 1987: 231).

⁵ O pergamiño desta concesión gárdase no Archivo Histórico Nacional de Madrid (Núñez-Varela, 1985).

⁶ «(...) en Betanzos o burgo altomedieval e centro da cidade medieval ergueuse nun castro (...), e esta irradiou logo, descendendo desa altura fortificada (onde permanecen os edificios relixiosos) cara á ribeira comercial e mariñeira». (López Carreira, 1999: 87)

⁷ Concretamente se localiza no ámbito xeográfico que podemos identificar como o Porto dos Ártabros ou Gran Porto dos Galaicos Lucenses nomeado nos textos clásicos e que se correspondería co arco que abrangue as rúas de A Coruña, Betanzos, Ares e Ferrol, onde existe unha gran concentración de enclaves castrexos. (Naveiro, 1994).

⁸ A existencia de rúas nomeadas como Novas nas cidades semellan reflectir a integración de áreas rurais no crecemento das cidades na Idade Media ao longo dos séculos XIII e XIV. Así o afirma López Carreira (1999) ao atender ás modificacións planimétricas das cidades galegas nesta época (Lugo, Santiago...).

⁹ En Informe sobre la Ría de Ferrol de 1589. A.G.S. GUERRA Y MARINA, leg. 243, fol. 82. Este informe se inscribe na preparación dun proxecto de fortificación de A Coruña. Ferrol e da Ría de Betanzos para o rei Felipe II.

¹⁰ [Los castros de interior] «...responden a la morfología típica de estos asentamientos. En lugares elevados, pero no en cimas demasiado altas y batidas, aprovechando al máximo las condiciones naturales de defensa y con un recinto defensivo redondeado u oval, a base de obra terrera, terraplenes, fosos, muros...» (Naveiro, 1994: 21-23).

¹¹ «... siguiendo la calzada que hoy conocemos con el nombre de *Fonte D'Unta*, por la existente en los aldeaños, citada también en el mentado diploma -rúa de Francia, según parece en la *Edad Media* ...» (Vales Villamarín, 1975). De ser certa esta antiga denominación, hai que coidar que era vía orixinal do Camiño Inglés de Ferrol e o acceso á igrexa de Santiago faríase desde O Campo pola Porta da Vila.

¹² A descrición das paraxes que conformaban o actual casco histórico de Betanzos no século XII poden atoparse na documentación do arquivo do Mosteiro de Sobrado, que foi recopilada por D. Pilar Loscertales (Loscertales, 1976) en volumes editados por C. Gutiérrez del Arroyo e C. Caamaño. Están recollidos, no que interesa, nun artigo de Fernando Urgorri Casado (Urgorri, 1982: 61-62)

¹³ González Ruibal (2006-2007) propón unha periodización da cultura castrexa dividida en tres fases: **Fase I**, Fase Antiga ou Ferro Antigo que arrancaríase no Final do Bronce Atlántico (en torno ao ano 1000 a.C.) ata a crise de fins do S. V a.C.; unha **Fase II** ou Ferro Recente situada entre o 400 e o 125/100 a.C. e unha Fase Final ou **Fase III** que se estendería desde os primeiros contactos co mundo romano até o paulatino abandono dos castros a fins do S. I d.C. e comezos do II d.C.

¹⁴ D. Manuel Santiso (1987: 22), faise eco do afirmado por D. Ramón Antonio García en relación aos restos existentes en Tiobre («*Betanzos el viejo*»), entre los que nombra, como máis concretos, «...medallas y monedas de la época romana en aquellos lugares...».

¹⁵ INFORME/PROPUESTA DE MEDIDAS CORRECTORAS PARA LA MEJOR CONSERVACIÓN DE LOS RESTOS ARQUEOLÓGICOS ENCONTRADOS DURANTE LA EJECUCIÓN DE LAS OBRAS SITAS EN RÚA CASTRO Nº 8, BETANZOS. Abril de 2015. Asinado por D. Ignacio Pedrosa Pérez.

¹⁶ Para González Ruibal (2006-2007: I, 459) a coincidencia das posíbeis áreas oleiras coas comarcas naturais e históricas non son casuais: o marco xeográfico semella que tivo un papel determinante. Para Rey Castiñeira (1990-91, pax. 141) «... a cerámica castrexa ofrece unha clara diversidade de estilos perfectamente definidos no espazo e no tempo».

¹⁷ A case totalidade de bases documentadas presentan arrinques de corpos de paredes rectas diverxentes o que suxire corpos globulares e non tanto esféroides.

¹⁸ «Son os que aparecen nos nosos castros e aínda en xacementos medievais, de influencia romana e, polo mesmo, sen dúbida os máis antigos»

¹⁹ A problemática da introdución dos muíños circulares nos castros galegos é tratada por Carballo, Concheiro e Rey nun artigo publicado no ano 2003 na revista «*Brigantium*». (Carballo Arceo, Concheiro Coello, Rey Castiñeiras, 2003: 97-108).

²⁰ «*Estaríamos ante un ejemplo más de una tierra acotada en torno a un monasterio, en cuyos términos se enclavaban además, la villa donde se aglutinaba la población y la fortaleza que aseguraba el control del territorio*» (Valdés, 2008: 14),

²¹ «*Dicha fortaleza la que reconocieron... vieron componerse de varias piezas de piedra de cantería con sus paredes, que tendrían tres varas o mas de ancho, con ventanas pequeñas arqueadas y a trecho sus cubos y troneras, rodeada dicha torre, de un foso, cuya muralla está la mayor parte arruinada, y al Norte mirando a la Marina, un castillo sumamente fuerte, por lo ancho de sus paredes y altura, con algunas almenas que se dejan ver*». Tomado dun expediente de D. Francisco Xabier Lanzós do ano 1659 por Taboada Roca (1957: 92-93).